



## Concello de Cangas

### REMATA O PRAZO PARA INSCRIBIRSE NOS DOUS CURSOS AFD DE COMPETENCIAS CLAVE QUE TEN PREVISTO IMPARTIR O CONCELLO DE CANGAS.

Remata o prazo para poder inscribirse nos dous cursos AFD de COMPETENCIAS CLAVE, NIVEL 3, que o CONCELLO DE CANGAS ten previsto impartir ao abeiro da subvención concedida pola CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA. Poden participar neles preferentemente persoas desempregadas aínda que tamén poden participar persoas traballadoras ocupadas.

O mes pasado xa comezaron na Casa de Oficios do Concello os dous cursos AFD de OPERACIÓNS AUXILIARES DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS E XERAIS, con 448 horas (Certificado de Profesionalidade de nivel 1, dirixido a persoas con discapacidade) e de SEGURIDADE INFORMÁTICA, con 518 horas (Certificado de Profesionalidade de nivel 3) e están pendentes de inicio en breve os dous cursos de COMPETENCIAS CLAVE seguintes:

- COMPETENCIAS CLAVE DE COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ – NIVEL 3, con 218 horas (Sen titulación de acceso e sen que sexa necesario ter previamente as competencias clave de nivel 2)
- COMPETENCIAS CLAVE DE COMPETENCIA MATEMÁTICA – NIVEL 3, con 218 horas (Sen titulación de acceso e sen que sexa necesario ter previamente as competencias clave de nivel 2)

As Competencias Clave son un conxunto de capacidades e contidos xerais ou básicos que permiten que as persoas que non teñan a titulación ou requisitos profesionais necesarios para acceder aos Certificados de Profesionalidade (ESO, Bacharelato, etc.), contén cunha formación mínima necesaria para acceder e cursar con aproveitamento os respectivos certificados de nivel 2 ou 3. Obtendo as competencias clave de nivel 3 pódese acceder a calquera dos certificados de profesionalidade, xa que é o nivel máis alto.

Estas accións formativas impártense en modalidade presencial e, ademais de ser totalmente gratuítas, o alumnado pode no seu caso solicitar diferentes axudas económicas segundo as circunstancias concretas de cada persoa (axuda de transporte, de conciliación, discapacidade, etc.). O número máximo de alumnos é de 15 por curso.

As persoas interesadas deben solicitalo o antes posible na Casa de Oficios do Concello, podendo enviar un correo co seu nome, apelidos e teléfono de contacto a [casadeoficios@cangas.gal](mailto:casadeoficios@cangas.gal), ou no teléfono 986304650.